

MEMORIA DA APROBACIÓN TÉCNICA

CLAVE: OH.415.1213
TÍTULO: PROXECTO CONSTRUTIVO DE REMODELACIÓN INTEGRAL DO PARQUE DE SAN MARTIÑO. CONSTRUCCIÓN DE MOTAS DE PROTECCIÓN FRONTE AVENIDAS DO RÍO. CARBALLO (A CORUÑA)

DATA DE REDACCIÓN DO PROXECTO: MAIO 2021

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO: JOSÉ P. GOSENDE TUÑAS

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO: JUAN IGNACIO NIÑO TABOADA

ORZAMENTO BASE DE LICITACION, IVE EXCLUIDO: 303.055,98 €

21% IVE: 63.641,76 €

TOTAL CON IVE: 366.697,74 €

PRAZO DE EXECUCIÓN: TRES (3) MESES

1.- ANTECEDENTES E OBXECTO DO PROXECTO

Augas de Galicia, como organismo de conca con competencias na xestión do risco de inundacións da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, encarga a redacción do "Proxecto construtivo de remodelación integral do parque San Martiño. Construcción de motas de protección fronte avenidas do río. Carballo (A Coruña)", que ten como obxectivo a execución de actuacións que minimicen o risco de inundacións do río Anllóns no concello de Carballo.

O presente proxecto define e valora as actuacións necesarias para a execución de medidas de contención en 3 zonas do parque de San Martiño, entre a ponte Rúa Sol e a ponte San Martiño – Rúa Iglesia.

As actuacións consistirán na execución, augas abaixo da Ponte Rúa Sol, no tramo da parcela do aparcamento, dun muro de pedra de 65 cm de espesor e entre 1 e 1,5 m. de altura. Na zona coincidente co parque San Martiño e ata o final da ponte Rúa Iglesia, proxéctase unha nova mota apoiada nun muro de formigón armado con cota 101,50 m., deseñado con 2 alienacións diferentes. Para permitir pechar a mota en caso de emerxencia, prevese a disposición de sacos tipo big-bag nas proximidades o paso peonil.

Nas 3 zonas en ambas marxes do río existen muros de pedra granítica, prevese o peche de ocas dos muros con pezas graníticas, e nalgúns casos colocaranse pedras para alcanzar a altura esixida. Na zona onde se prevé substituír a varanda metálica, e co fin de reducir o espazo, proxéctase un peche con sillares de 45 cm de espesor e 1 cm de altura.

Proxéctase tamén o acondicionamento do terreo para crear unha senda na zona de servidumbre do DPH, polo que será necesario a eliminación dunha tubaxe DN500 mm existente fóra de uso e instalación de bordos.



A PRESENTE ACTUACIÓN SOLVENTA A NECESIDADE DE COLABORAR CO CONCELLO DE CARBALLO PARA MINIMIZAR O RISCO DE INUNDACIÓN NA ÁREA DE RISCO POTENCIAL SIGNIFICATIVO DE INUNDACIÓN DO RÍO ANLLÓNS

2.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

O presente proxecto é unha das actuacións previstas no convenio de colaboración asinado o entre o Ente Público Augas de Galicia e o concello de Carballo para reducir o risco de inundación na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) do río Anllóns

No citado convenio, asinado o 15.01.2021, recóllense na cláusula segunda as obrigas xerais do concello, entre as que figura que o concello de Carballo deberá acreditar á efectiva posta a disposición, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, de todos os terreos necesarios para a normal execución da obra.

3.- CONCLUSIÓN E PROPOSTA

O proxecto foi examinado e supervisado pola Área de Programación e Seguimento de Obras de Augas de Galicia, e cumpre tódolos requisitos esixidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público:

Á vista do anterior, o departamento de oficina técnica **PROPÓN:**

1º.- Aprobar tecnicamente o proxecto das obras de "**Proxecto construtivo de remodelación integral do parque de San Martiño. Construción de montas de protección fronte avenidas do río. Carballo (A Coruña)**", de clave **OH.415.1213**, redactado en maio de 2021 polo enxeñeiro de camiños canais e portos, José P. Gosende Tuñas, cun orzamento, IVE excluído de trescentos tres mil cincuenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (303.055,98 €) e un prazo de execución de tres (3) meses, facendo constar que o dito proxecto cumpre cos requisitos esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela,

Oficina Técnica

Iván Cacheiro Villamizar

RESOLVO SEGUNDO A PROPOSTA,

A presidenta de Augas de Galicia

P.D. (Resolución 30/01/2012-DOG nº 21, 31/01/2012)

A directora de Augas de Galicia

Teresa Mª Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

